

Coñecentos

A mina abandonada

Ana foi coa súa bicicleta ata a vella mina abandonada onde traballaba o seu avó. ¡Cantas cousas lle ten contado daquel sitio!

Aínda quedan por alí algunhas vagonetas das que se empregaban para transportar o mineral, e as casas de pedra que servían de vestiarios para os mineiros.

O seu avó explicáballes que nese lugar atopara unha veta de carbón e que a galería da mina non precisaba máis ca un pozo duns poucos metros de profundidade.

A vila pensaba que esa veta era enorme, pero esgotouse aos poucos anos e a mina tivo que pechar. Agora, toda a zona está chea dun po negro, sobre o que comezaron a crecer algunhas plantas.

Esa zona da montaña parece un pouco triste. Contrasta moito cos bosques que rodean os arredores. Ana pensa que, un día, as plantas e as árbores volverán medrar nese lugar. Ao mellor, daquela, ela sera xa moi maior. Pero sempre recordará a seu avó.



Coñecentos

Unha vila somerxida


Cando era pequeno, Xaquín pasaba as súas vacación de verán na vila dos seus avós. Era un lugar precioso, rodeado de montañas, con campos onde se cultivaba o millo e pasteiros onde pastaban as vacas.

Pero, hai vinte anos, construíron un encoro, e a vila quedou somerxida baixo as augas. Hoxe, Xaquín foi coa súa familia visitar ese lugar. As augas están baixas e pódense ver algúns tellados de antigos edificios. Explicálles aos seus fillos:

—¿Vedes a torre do campanario? Pois preto dela estaba a casa dos meus avós. Subindo aquela lomba íase a unha cova onde nos xuntábamos os rapaces.

—¿E xa non hai vacas? =

—Xa non quedan. Cando se construíu o encoro, a xente abandonou o lugar. Aínda que agora din que naquela pradería van instalar unha zona recreativa para que a xente vaia navegar en barca e practicar deportes acuáticos.



Coñecentos

Buscando cogomelos

Vai unha preciosa mañá. Paulo, Quin e Ana saíron ao monte para fotografar cogomelos. Chegou o outono.

- Pola noite choveu, así que todo está cheo de humidade.

Os tres excursionistas camiñan polo monte. A temperatura é agradable. Ven carballyos, faias, acivros, toxos e moitas outras plantas entre as que viven paxaros e animais.

Camiñan con coidado, procurando non es-tragar plantas nin esmagar animais. Cando ven algún cogomelo fanlle unha foto coas súas cámaras. Fíxanse nunha que ten unhas cores moi atractivas. Ana di:

—Esa é moi velenosa. Tomade nota nos vosos cadernos de campo.

Ao final da tarde, conseguiron unha morea de fotografías. Levan nunha bolsa as sobras da comida.

Moitos ollos están observando os seus movementos con atención...



- 1 → Busca e escribe o significado das palabras sublinadas.
(elixe o significado que mellor se ajuste ao texto).
- 2 → Resume a idea principal da lectura.

Coñecentos


¡Preparamos a ascensión!

Un equipo de cinco montañeiros prepara a súa ascensión ata o cume máis alto da serra próxima. É unha actividade perigosa, porque na metade da ladeira as paredes da montaña ascenden case en vertical e débese empregar un equipo de escalada especial.

A xefa da expedición é Neves, unha montañeira con moita experiencia, que pasa revista coas súas compañeiras ao equipo da expedición:

—¡Atención, comprobemos! Tendas, mapas, caixa de urxencias, lanternas, comida, auga, cordas, sacos de durmir, mosquetóns, cuñas, escala, cociña, polainas, luvas, gorros, teléfonos móbiles... ¿Témolo todo?

Desde lonxe, a montaña parece pequena, pero saben que é unha impresión enganosa. Tardarán polo menos catro horas en ascender a pé ata o comezo da parede rochosa. Despois, espéranlles polo menos outras seis horas de ascensión ata o cume..



BUSCANDO COGOMELOS

- 1.- Como se chaman os protagonistas desta historia?
- 2.- Que están a facer polo bosque?
- 3.- En que época do ano están?
- 4.- Cres que aos protagonistas desta historia que acabas de ler gústalles a natureza? Por que o sabes?
- 5.- Busca no dicionario as palabras seguintes: carballo, faia, acivro e toxo.
- 6.- Por que pensas que ao rematar a excursión levab nunha bolsa as sobras da comida?
- 7.- A historia remata dicindo: "Moitos ollos están observando os seus movementos con atención..."
A quen cres ti que se refire?
- 8.- Fai un pequeno resumo do texto. Intenta empregar as palabras subliñadas.

O QUE DI A MONTAÑA

- 1.- Fai un resumo da lectura empregando todas as palabras subliñada.
- 2.- Explica como lles explica Pedro aos nenos/as a erosión.

¡PREPARAMOS A ASCENSIÓN!

- 1.- Busca o significado das palabras subliñadas (elixe o que mellor se axuste ao texto).
- 2.- Resume a idea principal da lectura

A MINA ABANDONADA

- 1.- Busca no dicionario as palabras subliñadas.
- 2.- Fai unha frase coas palabras do exercicio anterior.
- 3.- Escribe a idea principal do texto.

A VILA SOMERXIDA

- 1.- Explica o significado das palabras subliñadas. Pódeste axudar do dicionario.
- 2.- Fai un resumo da lectura.
- 3.- Explica para que cres ti que serve un encoro.